

# Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
IES TERRA DE TURONIO

## O mar en Ponte... nas ondas! 9 de Maio

### mar e nós sos

**A cadea humana**

**Tod@s estivemos ali**



Estas dúas actividades tentaron ser boicoteadas pola Consellería de Educación.




**Referendum sobre a guerra**

# Censura

### 9 DE MAIO

- 24 HORAS DE RADIO
- SETE ESTUDIOS DE RADIO ( Vigo, Salvaterra, A Guarda, Melgaço, Monçao e Vilanova de Cerveira )
- MÁIS DE 50 CENTROS PARTICIPANTES
- FESTIVAL MUSICAL “MAR DA ORALIDADE” EN VIGO
- XORNADA EN SIMULTANEO DESDE ARXENTINA
- CERTAME DE MENSAXES DE MÓBILES : “ MOBILÍZATE POLO MAR “
- EXPOSICIÓN ITINERANTE SOBRE O PATRIMONIO MARÍTI-



### SON DE MAR

O programa do noso instituto

O programa do noso instituto vai centrarse no mar como fonte de inspiración nas diversas manifestacións artísticas ( literatura, música, pintura, etc. ).O programa vai ser pola tarde, nunha hora aínda por confirmar  
Podedes aínda participar na súa elaboración definitiva. Tamén podedes anotarvos para atender as chamadas telefónicas, supervisar o chat ou para a actuación musical en directo.

Iremos en autobús a Salvaterra e hai sitio para que vos anotedes . Os demais poderedes seguir as emisións a través de **Radio Tui –107.5 FM** ou **Radio ECCA 96.5 FM** desde a nosa zona.Tamén a través de Internet desde a Web de Ponte...nas ondas! ( [www.pontenasondas.org](http://www.pontenasondas.org) )

# Non á guerra


O pasado día 12 de Marzo do 2003 celebrouse un referendo no instituto coa seguinte pregunta:

**¿Está vostede a favor dunha intervención bélica contra o pobo de Iraqe?**

Esta actividade perseguía os obxectivos seguintes:

- Identificar e analizar os procesos históricos, socioeconómicos, políticos, culturais e relixiosos que concorren nesta guerra.
- Formar unha opinión crítica ante as intervencións bélicas e as consecuencias para os povos e as relacións internacionais.
- Educar para a paz e a convivencia entre os povos, valores imprescindibles que forman parte da programación pedagóxica, e non só como tema transversal, que todos os centros de ensino apoiamos.
- Pór en práctica un instrumento de consulta democrática, que nos permite como cidadás e cidadáns exercer o dereito a tomar parte nas decisións políticas que nos afectan directamente.

Porque sabemos que un outro mundo é posíbel



avocada



avocada